

02 VILAGARCÍA

Diario de Arousa Lunes, 2 de junio de 2007

ACTIVIDADES > 08

El presidente de la Diputación de Pontevedra, Rafael Louzán, inauguró el campamento de verano de A Lanzada



ILLAS ATLÁNTICAS

Nas preto de 54 hectáreas que conforman a illa de Cortegada coexisten desde o bosque de loureiro, o máis importante da Europa atlántica ata espléndidas fragas autóctonas, pasando polos característicos piñeirais propios da Galicia costeira. Pero tamén,

nese reducido espacio, está o eucalipto, unha especie foránea e con grande capacidade de propagación que pode poñer en perigo a diversidade e riqueza arbórea de Cortegada. Precisamente por iso, desde Parques Nacionais

estúdase a posibilidade de talar os eucaliptos da illa carrilexa para repoboar a zona que ocupan actualmente con especies autóctonas. Cortegada é a illa con maior densidade arbórea das que conforman este importante parque natural galego.

Parques Nacionais estudia erradicar o eucalipto de Cortegada e repoboar esa zona con árbores autóctonas

A capacidade invasora desta especie leva ao organismo a analizar medidas que preserven a paraxe

REDACCIÓN > VILAGARCÍA

■ Técnicos e expertos elaboraron, tras meses de traballo de campo, un amplo e pormenorizado estudo sobre as especies, extensión, comportamento e posible evolución da gran variedade de flora e fauna que existe nas zonas que integran o Parque Nacional das Illas Atlánticas, entre elas as arousáns das illas de Sálvora e Cortegada.

Froito deste traballo xurdiu o informe "Restauración vexetal no Parque Nacional das Illas Atlánticas", un documento de traballo de gran importancia para preservar as diferentes áreas que integran esta importante reserva.

En base a este informe, os expertos elaboraron unha proposta de actuación para garantir a perfecta conservación de especies de árbores nestas illas e evitar fenó-

En Cíes talarán varias hectáreas de eucaliptos, no que é o primeiro paso do proxecto de conservación das illas

menos como a propagación "excesiva" de especies foráneas, que poidan poñer en perigo a aquelas de carácter autóctono.

Autóctono > E nesta dinámica, unhas das propostas que se puxo sobre a mesa foi a de erradicar boa parte dos eucaliptos que existen en illas como Cortegada e Cíes, e cuxa gran capacidade invasora pode representar unha ameaza fronte a especies propias destas zonas desde hai séculos (no caso de Cortegada, loureiros, carballos e castiñeiros, entre outras).

En base a isto, os técnicos, expertos e responsables deste organismo deseñaron unha proposta de actuación que podería levarse a cabo en breve, como é a erradicación do eucalipto en Cortegada.

Cómpre lembrar que o eucalipto foi introducido nalgunha das illas que conforman o actual Parque Nacional na década dos cincuenta do século pasado (o XX) con fins



Cortegada acolle unha inmensa riqueza de especies arbóreas en apenas 54 hectáreas.

■ LOUREIRO

Un tesouro único de formación na prehistoria

■ A illa de Cortegada acolle un dos maiores tesouros medio ambientais de Europa: Un bosque loureiros, que ocupa en torno a dúas hectáreas e media, que é o máis importante no continente. Algúns destes exemplares chegan aos doce metros de altitude. Os expertos cren que a formación deste bosque de loureiros pode ser prehistórica. Os técnicos, tras analizar a illa, fixeron unha serie de recomendacións, como a de erradicar o eucalipto, prever e vixiar a posibilidade de lumes e preservar as aves mariñas que habitan nesta zona. A illa de Cortegada estivo habitada desde mediados do século XIV ata inicios do XX, conservándose ricos achados da aldea onde moraban estes poboadores.

comerciais. Unha aposta que, a día de hoxe, pode representar un perigo para a riqueza que en Cortegada representa, por exemplo, un bosque de loureiros (algúns exemplares acadan os 12 metros de altura) que é único na costa de Europa.

Avanza a opción de compra de Sálvora a Caixa Galicia por parte da Xunta e o Estado

REDACCIÓN > VILAGARCÍA

■ As administracións públicas parecen manterse firmes na súa intención de comprar Sálvora a Caixa Galicia, entidade que hai uns meses adquirira esta illa arousá a os seus propietarios de entón por

oito millóns e medio de euros. O Estado está disposto a exercer o dereito de tanteo e retracto para que Sálvora e pequenos islotes que conforman este arquipélago sexan de titularidade totalmente pública.

O propio presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, recoñecía hai unhas semanas esta intención, que extendía a máis illas na mesma situación. Todo elo coa finalidade, sinalaba, de garantir que fosen públicas.

No que respecta ao arquipélago de Sálvora, Caixa Galicia tiña deseñado un proxecto a través do cal poríase en marcha nesta illa un centro de investigación marítima e ornitolóxica, así como estaría dispoñible para a celebración de encontros científicos.

Esta entidade financeira tamén avaliaba no seu proxecto para Sálvora a recuperación restauración das velhas vivendas existentes na zona para rehabilitalas de cara a un uso non lucrativo e sempre cunha finalidade de divulgación, estudo e formación.

Sálvora, conxuntamente con Cortegada, é unha das dúas illas da Ría de Arousa (a primeira, na bocana, a segunda, no seu fondo) que conforman o único Parque Nacional existente en Galicia, o das Illas Atlánticas.